

# NADAL 2018

## Actividades para os clubs da Rede Museística

— Museo Provincial de Lugo —



*Os nenos camiñan  
e xogan e brincan  
na rúa calada  
que cobren de risas.*

*E inventan trouleiros  
palabras de neve  
que borrar as penas  
que a terra non quere.*

*Cantigas e risas  
veñen anunciar  
que peta na porta  
a luz do Nadal.*

*Un Nadal que amose  
como vai a vida.  
Un Nadal que cure  
Con paz as feridas.*

*Un Nadal  
que abrigue.*

*Un Nadal  
Turrón!*

*Un Nadal  
que acougue!*

*Un Nadal  
Canción!*

**Antonio García Teijeiro**, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, 2017.  
'A luz do Nadal', letra de canción para o disco "Xa me tardan estes Magos", de Mamá Cabra, 2011.

\*\*\*

Volve o Nadal e os museos da Rede Museística da Deputación de Lugo pregoamos o noso programa de obradoiros e actividades para estas datas. Como é costume cada museo da Rede Museística (Museo Provincial de Lugo, Museo Provincial do Mar, Museo Fortaleza San Paio de Narla e Museo Pazo de Tor) desenvolve diferentes actividades nas respectivas sedes, tendo en conta as peculiaridades das coleccións que albergan e as demandas do seu público. Desde o Goberno da Deputación de Lugo e a través da Rede Museística e dos catro museos que a integran pretendemos promover un lecer activo, creativo, sempre participativo. Nestas datas nas que celebramos con moita ilusión a renovación, a "luz do Nadal", que anuncia a chegada dun novo ano, desexamos

que goceades das festas, da familia, dos amigos e tamén do descanso ... pero non esquezades que os museos estamos aquí, sempre dispostos a atendervos. As inscricións deben formalizarse no Museo onde se vaia realizar a actividade e o prazo manterase aberto ata que se cubran as prazas ofertadas.

## **PROGRAMA**

### **>>Visitas guiadas gratuítas**

#### **-Musavisitas pola Rede**

Todos os días ás 11:30, 12:30, 17:30 e 19:00 horas.

#### **-As festas do Nadal no Museo Provincial**

Desde o 23 de decembro ao 6 de xaneiro de 2019.

Todos os días ás 11:30, 12:30, 17:30 e 19:00h..

### **>>Visita: *En busca do tesouro***

Nos museos abundan os “tesouros”. Investigaremos e seguiremos a pista dunhas xoias perdidas hai tempo pola Vella Dama do Museo.

**Idades:** de 7 a 10 anos.

**Horario:** de 11:00 a 13:00h

**Data:** 27 de decembro de 2018.

**Participantes:** 15

### **>>Obradoiro: *En Nadal, a familia en Rede***

O Nadal é un tempo de familia, de reencontros e acordanzas. Nesta actividade a familia será a protagonista. Percorreremos o museo para explorar a súa forma de ser representada a través do tempo e a continuación elaboraremos un adorno de Nadal con fotografías das nosas familias e materiais reciclados.

**Idades:** de 8 a 12 anos, acompañados dun familiar ou responsable.

**Horario:** de 11:00 a 12:30h

**Data:** 27 de decembro de 2018.

**Participantes:** máximo 15 nenxs co seu acompañante adulto.

**Información aos adultos:** os participantes deberán traer fotos das súas familias e un bote de cristal de tamaño grande.

### **>>Visita: *Xogo de personaxes***

Xogo arredor da vida dos personaxes relacionados co Nadal. Formamos equipos e tratamos de localizalos. Poden estar nun cadro, nunha escultura, nunha moeda, o seu nome escrito nunha pedra, na información das salas...

**Idades:** de 8 a 11 anos.

**Horario:** de 11:30 a 13:00h

**Data:** 28 de decembro de 2018.

**Participantes:** 15

### **>>Obradoiro: *Nadal diverxo, rede de cores***

Este Nadal faremos unha celebración da diversidade. Para iso teceremos xuntos unha grilanda de cores. Cada un de nós tecerá unha peza da mesma, do xeito que saiba e máis lle guste usando as cores da bandeira LGTBI. Finalmente uniremos todas as pezas e penduraremos a grilanda na zona de mosaicos.

**Idades:** sen límite de idade

**Horario:** de 11:00 a 12:30h

**Data:** 2 de xaneiro de 2019.

**Participantes:** 25-30.

**>>Visita: *En busca do tesouro***

Nos museos abundan os “tesouros”. Investigaremos e seguiremos a pista dunhas xoias perdidas hai tempo pola Vella Dama do Museo.

**Idades:** de 7 a 10 anos.

**Horario:** de 11:00 a 13:00h

**Data:** 3 de xaneiro de 2019.

**Participantes:** 15

**>>Obradoiro: *Coñecendo as nosas raíces. Taller de heráldica.***

O Nadal é unha época para compartir cos nosos seres queridos e escoitar historias sobre os nosos devanceiros. Nesta actividade realizarase un percorrido pola colección de heráldica do Museo Provincial de Lugo onde os nenxs poderán ver os diversos escudos e símbolos das diferentes familias que se expoñen. A continuación cada un deles realizará o seu propio escudo, incluíndo, a modo de árbore xenealóxica, o nome ou historias que coñezan dos seus familiares ou antepasados.

**Idades:** de 8 a 12 anos

**Horario:** de 11:00 a 12:30

**Data** 3 de xaneiro de 2019.

**Participantes:** 20.

**>> Obradoiro: *Antes e despois: o noso cómic***

A *Escola de Doloriñas* de Julia Minguillón é un dos cadros máis emblemáticos do Museo Provincial de Lugo e da pintura galega do século XX. Reflexionamos sobre a visibilización da muller na arte, imaxinamos que estamos dentro do cadro e debuxamos a escena de antes e a de despois, como se de un cómic se tratara.

**Data:** 7 de xaneiro de 2019.

**Idades:** Club Pequeamig@s

**Horario:** de 11:00 a 12:30h.

**Participantes:** 15

**>>Obradoiro: *Muller do A ao Z***

Baseándonos nun poema de Lois Pereiro, debatemos sobre feminismo e igualdade de xénero: como vemos o rol das mulleres e dos homes na nosa sociedade? Cales son as causas e as consecuencias das nosas ideas ao respecto?

**Data:** 8 de xaneiro de 2019.

**Idades:** Club Ei!

**Horario:** de 17:00 a 18:00h.

**Participantes:** 15

**>>Obradoiro: *Todxs pintamos, Todxs sumamos***

Recreamos un cadro de Maruja Mallo: a “Guía Postal de Lugo”, sumando traballo en grupo e expresión artística. Xogamos coas cores e as formas estimulando a creatividade, a expresividade e a diversión.

**Data:** 9 de xaneiro de 2019.

**Idades:** Club Sénior

**Horario:** de 17:00 a 18:00h.

**Participantes: 12**

Se nos visitas nestas datas non deixes de visitar as exposicións temporais e as salas permanentes do Museo.

\*\*\*

**Museo Provincial de Lugo.** Tfno.: 982 24 23 00 / 982 24 21 12 /  
didactica@museolugo.org

**Xerencia da Rede Museística:** Tfno.: 699 836 883 / [xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org](mailto:xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org)



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO  
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO